

De Galicia a Moscú para falar da familia

O que temos que facer é dar un curso en Rusia. A "desatinada" frase proviña dun dos colaboradores habituais de Altamar (centro de orientación familiar de A Coruña), que por motivos profesionais viaxa con frecuencia aos países do leste de Europa.

27-04-2009

Altamar é unha asociación que promover dende hai corenta anos se dedica a e que desenvolver

actividades co obxectivo de axudar ás familias a mellorar en todos os seus aspectos e en todos os seus membros; fundamentalmente, a súa acción céntrase en impartir cursos de orientación familiar centrados é aspectos educativos e de relación entre os membros da familia.

Ao longo da súa xa dilatada vida, nunca se nos formulara a posibilidade de chegar tan lonxe. Por ese motivo, a frase podía cualificarse de "desatinada". Non obstante, apenas dous meses despois, a idea tomara corpo: tratábase de impartir dúas sesións a matrimonios moscovitas. Cando a sorpresa inicial foi deixando paso ao entusiasmo, chegou o momento de ir concretando os detalles: datas, preparativos, presuposto e forma de cubrilo...

E o máis importante: había que adaptar o curso ao público potencial. Loxicamente, a dificultade principal

era o idioma. Non tanto pola necesidade de facernos entender, o que se salvaría doadamente cun tradutor, coma polo obstáculo que este feito podería supoñer para fomentar a participación activa dos asistentes, elemento este fundamental na metodoloxía que empregamos habitualmente. Decidimos suprimir a técnica do "caso", que require un grao de axilidade nas intervencións imposible de lograr con tradución simultánea, e substituílo por un coloquio despois de cada conferencia. Por outra banda, había que adaptar os temas e o seu desenvolvemento ao que interesaba ao posible público. Para iso, nada mellor que varias "sesións de traballo" vía correo electrónico coas persoas que organizaban a actividade en Moscú.

Con todo preparado, desembarcamos en Moscú nos últimos días do mes de

xaneiro. O impacto da chegada é forte: cambio de clima -temperaturas de vinte graos baixo cero-, cambio de idioma, cambio de costumes, cambio de proporcións na cidade -Moscó conta, segundo se inclúan as cidades dormitorio que a rodean ou non, con aproximadamente doce millóns de habitantes-. Pero este choque é mínimo en comparación co que se experimenta cando se coñece as persoas.

Os moscovitas son persoas abertas, afables no trato, e coas que é doado chegar a ter unha conversación persoal. Así o percibimos tanto nos coloquios que seguían ás nosas conferencias, coma nas ocasións en que tivemos oportunidade de tratar de xeito máis persoal a algúns dos asistentes.

En segundo lugar, atopámonos cun grupo heteroxéneo, con situacións moi diferentes, que onviven coa

maior naturalidade, se respectan, e son amigas entre eles. Así, por exemplo, as conferencias, que foran organizadas por varias persoas do Opus Dei que residen en Moscú, tiñan lugar nun centro cultural ortodoxo. E entre os asistentes atopábanse un Sacerdote Católico, responsable da pastoral familiar na diocese de Moscú, e a esposa dun ministro da Igrexa Ortodoxa. Esta disparidade de situacións deu lugar a unha riqueza no desenvolvemento das sesións inesperada para nós.

E, sobre todo, atopámonos cun grupo de persoas do Opus Dei que viven en Moscú dende fai pouco máis dun ano, fortes, alegres e entusiastas, que foron capaces de organizar esta actividade cun índice de asistencia moi elevado. Ao longo dos tres días que pasamos con eles non escoitamos de ningún a menor mostra de cansazo ou dificultade: están totalmente asimilados á súa

nova cidade, e felices de poder servir á Igrexa en Moscú e dende Moscú.

Pasados os días, recibimos varios correos dos organizadores das xornadas: parece que, grazas a Deus, empezan a recoller froitos mediante o contacto persoal tanto cos asistentes como coas persoas que colaboraron na organización - azafatas, tradutores, etc. -. A familia, o matrimonio, a educación dos fillos, son temas que interesan en calquera punto do mundo, pero que en Moscú, polo que puidemos comprobar, apaixonan. AO noso regreso, deixamos varios textos para que puidesen ser traducidos e distribuídos.

Esperamos que esta "incursión" non sexa máis que o primeiro paso do camiño da orientación familiar en Rusia. E que sexa tamén un impulso para o labor apostólico da Igrexa e do Opus Dei nese país. Se esta

experiencia deixou nos asistentes a metade da pegada que levamos os relatores, o obxectivo está conseguido.

Los ponentes con la traductora.
Isabel con las organizadoras y alguna azafata. Un descanso en la sesión:
Isabel con dos asistentes.

Rafael González-Villlobos e
Isabel Rincón García

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/de-galicia-
a-moscu-para-falar-da-familia/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/de-galicia-a-moscu-para-falar-da-familia/)
(07-08-2025)